



VII FORO DE CAPACITACIÓN SOBRE POBREZA, EXCLUSIÓN SOCIAL, TERCEIRO SECTOR E VOLUNTARIADO

Mellorando a inclusión social contra a transmisión da pobreza

Qué facemos para que as nosas fillas e netas non herden a pobreza?

#HerdarPobreza

Facultade de Matemáticas USC

Santiago de Compostela, 24 de Outubro de 2017

O VI Foro pretende continuar o traballo comezado nas anteriores edicións e contribuír á capacitación das persoas voluntarias en aspectos relacionados coa inclusión activa e o acceso a recursos de calidade, ademais de visibilizar á realidade da desigualdade, a pobreza e a exclusión social en Galicia e a importancia que o Terceiro Sector e o voluntariado teñen na implantación de políticas de inclusión social activa.

O 80% da infancia que se atopa hoxe na pobreza está condenada a sufrila o resto da súa vida. E tamén os seus fillos e fillas. E os seus netos. Chámase transmisión interxeneracional da pobreza. Este VII Foro afondará nas causas e solucións para este problemática, partindo da denuncia dos prexuízos e mentiras identificados no último Seminario de Participación de persoas en risco de pobreza ou exclusión e que impiden a inclusión social das persoas,

Non hai nenos e nenas pobres en familias ricas. No Foro capacitarase sobre iniciativas de loita contra a pobreza que beneficien directamente á poboación infantil e xuvenil. Buscarase mellorar o acompañamento e atención, por parte do voluntariado, das persoas en situación de exclusión.

Cun enfoque práctico, o Foro non é un encontro pechado a EAPN España e a EAPN Galicia, senón que ten como principio básico o fomento do traballo en rede xunto ás federacións representativas do Terceiro Sector galego e organizacións de voluntariado. A colaboración co Servizo de Participación e Integración Universitaria da USC e a Facultade de Matemáticas así o demostra.

A asistencia de persoas voluntarias, varias en risco de pobreza e exclusión, favorece unha interlocución positiva con poñentes de organizacións sociais, colexios profesionais, universidade ou administracións públicas galegas especializadas na loita contra a pobreza ou na promoción dos servizos sociais e a inclusión activa, así como un mellor coñecemento e implicación do voluntariado nas causas que lles motivan.

Programa

9.15 RECEPCION

9.30 INAUGURACION

9.45 DIALOGO. **Derrubando un muro de mentiras sobre a pobreza e a exclusión social**

- **Natalia Monje.** Grupo Comunicación EAPN Galicia. Programa cibeRespect contra o odio nas redes sociais.
- **Isabel Varela e Sara Abella.** Traballadoras sociais. Grupo Participación EAPN Galicia

10:30 CONFERENCIA: **Qué deberíamos facer para loitar mellor contra a pobreza infantil e xuvenil?**
Jordi Longás. Director científico programa CaixaProinfancia

10:45 Pausa

11.45 DIALOGO. **Como evitamos que a pobreza se herede?**

- **Joseba Zalakain.** Director SiiS. Centro de Documentación y Estudios Servicios Sociales.
- **Guillermo Fernandez Maillo.** Fundación Foessa/Caritas Española.

13.15 DIALOGO. **Como evitamos, con urxencia, que a pobreza se herde en Galicia?**

- **Victor González.** Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.
- **Antón Bouzas.** Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.
- **Carmen de la Sierra.** Coordinadora plan de formación Servizos Sociais Comunitarios. Profesora Sistema público de servizos sociais (UNED)
- **Noemí Iglesias.** Investigadora Programa Desenvolvemento Rexional e Integración Económica da USC.

16:00 **COMO MELLORAMOS...?** Diálogos de saberes:

A loita contra a pobreza e a exclusión social no eido socioeducativo?

Relatora: Maite Rosales. EAPN Galicia-Secretariado Xitano

- **Xosé Lois Gutierrez Failde** *Profesor Ensino secundario. IES Xograr Afonso Gómez (Sarria).*
- **Manuel Costa.** Orientador educativo e asesor técnico da Consellería de Educación.
- **Carmen Morán.** Grupo Investigación Pedagogía Social e Educación Ambiental. USC.

A participación das nenas e os nenos na defensa dos seus dereitos?

Relatora: Eloina Injerto. EAPN Galicia-Fundación Juan Soñador.

- **Kepa Paul Larrañaga.** [Asociación GSIA \(Grupo de Sociología de la Infancia y la Adolescencia\)](#)
- **Alejandro Quiñoa.** [Asemblea Cooperación pola Paz.](#) Programa Barrios Abertos
- **Alejandro García.** [Asociacion Los Glayus](#)

18:15. Fin da xornada